

RESUME DO PLAN DE EMERXENCIA TERRITORIAL DE GALICIA

Dende hoxe e durante 14 días está en vigor o Plan de Emerxencia en Galicia (sen prexuízo das medidas que o Goberno do Estado poda adoptar).

☞ O presidente da Xunta (ou a persona na que delegue) asume tódalas actuacións do Plan de Emerxencia. Só o director do Plan poderá desactívalo unha vez superada totalmente a situación de emerxencia.

☞ Créase un Centro de Coordinación Operativa do Plan formado por representantes da Xunta, Delegación do Goberno, FEGAMP, os servizos de emerxencias e as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Poderán ditarse ordes e instrucións que afecten dereitos da cidadanía e medidas de obrigado cumprimento se así o aconsellan as necesidades da emerxencia.

☞ Poderanse reorganizar os servizos administrativos e modificar os orzamentos para afrontar a situación.

Medidas posibles respecto a poboación:

- Avisos
- Confinamento
- Evacuación e asistencia social
- Seguridade
- Control de accesos

MEDIDAS EN VIGOR

➔ **Suspensa a actividade en espazos recreativos** (cafetarías, bares, salóns de banquetes, pubs, discotecas, furanchos, salóns e parques recreativos, centros de ocio infantil...) **establecementos de espectáculos** (cines, teatros, auditorios, circos...) **recintos feirais, salóns de xogo** (casinos, salas de bingo, tendas de apostas,...) **recintos deportivos** (estadios, pavillóns, pistas de patinaxe, ximnasios, piscinas, paques acuáticos) e **espazos culturais** (museos, bibliotecas, salas de conferencias, polivalentes, concertos, establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas), **balnearios e recintos termais e albergues de peregrinos.**

- ✓ O peche non afecta os bares e restaurantes localizados en establecementos hoteleiros ou no interior das instalacións

destinadas á prestación de servizos públicos, sempre que a súa actividade se limite estritamente aos seus clientes aloxados ou aos traballadores das instalacións.

→ **Suspensio o comercio a excepción** do pequeno comercio de bens de primeira necesidade (**alimentación, bebidas ou tabaco, combustible, medicamentos e produtos farmacéuticos e ortopédicos**). Nas grandes superficies abrirán só espazos de alimentación e produtos de primeira necesidade.

- ✓ A permanencia nos establecementos comerciais cuxa apertura estea permitida deberá ser a estritamente necesaria para que os consumidores poidan realizar a adquisición dos produtos

→ Durante o tempo previsto neste plan a **cabida de edificios de culto, tanatorios ou calquera instalación asimilada** quedará **reducida a un terzo da súa capacidade máxima**. Así mesmo, os cortexos fúnebres quedarán reducidos a un máximo de 25 persoas